



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

## NORMATIVA Nº 10

# COMISIÓN GALEGA DE PERCORRIDO DE BOSQUE 3D

### ÍNDICE

- 1.- CONSTITUCIÓN E OBXECTIVOS
- 2.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN
- 3.-FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN
- 4.- FUNCÍONS DA COMISIÓN
- 5.- RÉXIME ECONÓMICO DE FUNCIONAMENTO
- 6.- APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

### **1.- CONSTITUCIÓN E OBXECTIVOS**

O artigo 43 dos estatutos da Federación Galega de Tiro con Arco (en adiante FGTA) establece que se poderán crear, tras a súa aprobación pola Asemblea Xeral, cantas comisións e comités se precise.

Dende hai algún tempo diversos clubs e deportistas galegas están a desenvolver actividades na modalidade de percorrido de bosque, é por iso que dende a FGTA se necesitan unha serie de normas e unha canle para dar forma e desenvolve-la axeitadamente no seu ámbito.

Esta modalidade deportiva ten unhas características e singularidades especiais tanto pola súa forma, lugar de desenvolvemento e esforzo de organización, coma polo custo que supón a celebración das súas competicións e trofeos. Todo isto fai ver a necesidade de crear unha comisión específica que se encargue do tratamento e do desenvolvemento técnico desta modalidade.

Esta comisión créase como un grupo de traballo dentro da estrutura da FGTA e encargarse de fomentar, informar, axudar, asesorar e colaborar dentro da FGTA con todo o relacionado coas competicións de percorrido de bosque.

É función primordial desta comisión a de potenciar a creación dunha infraestrutura regulamentaria que se axuste ás características propias do tiro con arco na comunidade galega

**Federación Galega de Tiro con Arco – N.I.F. G-27034131**  
**Apdo. de correos 822 – CP 15780 Santiago de Compostela (A Coruña)**  
Presidencia: [presidente@fgta.es](mailto:presidente@fgta.es) / Secretaría: [secretaria@fgta.es](mailto:secretaria@fgta.es)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

e permita a práctica normalizada do tiro con arco en percorridos de bosque, así como a realización de actividades relacionadas coa devandita actividade.

## **2.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN**

A comisión de percorridos de bosque estará formada por un integrante de cada club pertencente á FGTA que participe na Liga galega de percorridos de bosque 3D en curso ou na Liga galega anterior, tanto se organiza unha tirada como se inscribe arqueiros a unha tirada, así como por un representante da Xunta Directiva da FGTA.

Os representantes dos clubs na devandita comisión serán nomeados por estes, de acordo coas súas directivas, debendo ser os mesmos maiores de idade e non estar incapacitados nin sancionados para o desempeño das súas funcións.

Os devanditos nomeamentos e as súas variacións serán comunicados polos clubs á Secretaría Xeral da FGTA mediante escrito.

Será necesaria a participación como mínimo de 5 clubs para considerar formada a comisión de percorridos de bosque da FGTA.

Entre os membros da comisión propoñerase á FGTA un presidente por votación entre os seus membros.

En caso de empate á hora da proposta da elección do presidente da comisión, o presidente da FGTA será quen o resolva.

O presidente da comisión, logo de consulta cos membros desta e coa xunta directiva da FGTA, nomeará un secretario, que poderá ser membro desta ou non. No caso de non selo terá voz pero non voto.

O presidente da comisión terá voto de calidade.

Todos os membros da comisión cesarán no seu cargo:

- Polo transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- Por imposibilidade física para realizar o seu labor.
- Por dimisión.
- Por sanción ou inhabilitación.
- Por cambio na representación do club.

Por votación da maioría de entre os seus membros, no caso de elección ou substitución do presidente.



### **3.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN**

A comisión reunirse como mínimo unha vez ao ano en data a fixar dentro do primeiro trimestre do ano e antes da celebración da asemblea xeral ordinaria da FGTA. Tamén deberá reunirse a instancias do presidente desta, do presidente da FGTA ou mediante petición do 60% dos integrantes desta.

A comisión quedará validamente constituída cando concorran na primeira convocatoria a metade máis un dos seus membros, e na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, calquera que sexa o número de asistentes, sempre que acuda o seu presidente ou un substituto nomeado por este, de entre os membros da comisión, o cal non contará con voto de calidade.

Os acordos da comisión de bosque adoptaranse por maioría simple de votos afirmativos entre os asistentes á reunión. No caso de empate, o presidente da comisión terá voto dirimente ou de calidade.

As distintas reunións serán convocadas polo secretario da comisión. Nas convocatorias incluírase o horario destas e a orde do día.

O secretario da comisión levantará acta de canto se trate e en especial do resultado das votacións, e dos acordos alcanzados. A devandita acta enviarase á Secretaría Xeral da FGTA para o seu arquivo.

Enviarase unha copia da acta a todos os membros da comisión tan pronto como sexa redactada, e esta aprobarase na seguinte reunión da comisión.

### **4.- FUNCÍONS DA COMISIÓN**

- Propoñer e deseñar o regulamento de competición para a liga galega e o Campionato galego de percorridos de bosque, os cales serán remitidos á FGTA para a súa aprobación pola Comisión Delegada e polo Asemblea da FGTA.
- Propoñer o protocolo de Organización das competicións desta modalidade no ámbito de Galicia.
- Crear unha proposta de calendario para a realización das competicións dependentes da FGTA, para a súa aprobación en Comisión Delegada e Asemblea Xeral.
- Definir as competicións valedoiras e puntuacións mínimas para subvencións a campións de España e propoñer á Comisión Delegada e Asemblea Xeral a súa aprobación.



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

- Controlar, confeccionar e enviar a FGTA para a súa publicación os resultados técnicos das competicións do ámbito galego.
- Documentar as puntuacións que poidan ser recoñecidas no ámbito galego nesta modalidade.
- Propoñer á Xunta directiva da FGTA a emisión de circulares e notas informativas que afecten a esta modalidade.
- Propoñer á Xunta Directiva da FGTA os cambios nos regulamentos e normativas que lles afecten.
- Fomento e difusión da modalidade de percorridos de bosque 3D no ámbito de actuación da FGTA.

#### **5.- REXIME ECONÓMICO DE FUNCIONAMENTO**

Os gastos e ingresos que xere esta modalidade deportiva estarán incluídos dentro da contabilidade xeral da FGTA.

A FGTA poderá alugar ou adquirir en propiedade, os elementos para a realización de probas deportivas desta modalidade, nas mesmas condicións que para o resto de modalidades.

A FGTA asumirá os gastos que con carácter xeral xere esta modalidade e que se establezan nas súas normativas para o conxunto da FGTA.

A FGTA cobrará aos participantes nesta modalidade as taxas que se establezan nas súas normativas.

#### **6.- APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS**

Normativa aprobada na Asemblea Xeral do 25 de abril de 2010

Modificada pola Asemblea Xeral do 28 de marzo de 2015

Modificada en Asemblea Xeral do 19 de novembro de 2017